



A NEUROCIENCIA PERCORRERÁ GALIZA DURANTE OS MESES DE NOVEMBRO E DECEMBRO DA MAN DA CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- **A Semana da Ciencia 2006, coordinada pola Consellería de Innovación e Industria, inclúe máis dun cento de actividades de divulgación científica**
- **Innovación e Industria promove directamente 30 actividades relacionadas coa neurociencia, tema central da Semana nesta edición**
- **As datas de celebración son do 6 ao 19 de novembro, aínda que as actividades centradas na neurociencia prolongaríanse até o 31 de decembro**

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2006.- O director xeral de I+D+I da Consellería de Innovación e Industria, Salustiano Mato de la Iglesia, presentou esta mañá en Santiago de Compostela a programación da Semana da Ciencia 2006 en Galiza. A Semana da Ciencia é unha celebración, de ámbito europeo, que pretende facernos reflexionar sobre a evidencia de que vivimos rodeados de ciencia e da importancia que ten esta para acadar o progreso e benestar social.

Nesta edición, participan 19 entidades –museos, universidades, centros de investigación, centros tecnolóxicos, asociacións e fundacións- que organizan 101 actividades. Estas actividades, que van dende exposicións a excursións pasando por ciclos de cine, teatro ou cafés científicos, comparten o seu carácter aberto e gratuito, a súa adaptación a todos os públicos e o obxectivo principal de divertir.

ACHEGAR A CIENCIA GALEGA AO GRANDE PÚBLICO

Outros obxectivos da Semana da Ciencia son difundir a investigación que se está a realizar en Galiza, abrir ao público os espazos reservados á ciencia, facer da ciencia e da tecnoloxía unha materia atractiva para o cidadán de a pé, incentivar a participación dos cidadáns nas cuestións científicas e espertar vocacións científicas entre os máis xoves.

Para acadar estes obxectivos, a Dirección Xeral de I+D+I, co apoio da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT) do Ministerio de Educación e Ciencia, coordina e financia unha ampla programación de actividades que se desenvolverá por toda Galiza nos meses de novembro e decembro, en especial entre o 6 e o 19 de novembro. Para elo, a Consellería de Innovación e Industria aporta un orzamento total de 737.454 euros.

Mesas redondas, charlas divulgativas, exposicións, teatro, cine, excursións, premios, obradoiros, etc. percorreren as catro provincias galegas intentando achegar o máis interesante de cada disciplina científica aos cidadáns. Así, haberá actividades relacionadas coa astronomía, a arqueoloxía, a física, a química, a comunicación, a medicina, o dereito, as matemáticas, etc.

O MUNDO NA TÚA CABEZA



Baixo o título de “O mundo na túa cabeza”, o Museo de Historia Natural Luis Iglesias, por encargo da Dirección Xeral de I+D+I da Consellería de Innovación e Industria, organiza unha trintena de actividades relacionadas coa neurociencia. O cerebro e o sistema nervioso son os protagonistas desta quinta edición da Semana da Ciencia, con motivo da conmemoración do centenario da concesión do Premio Nobel ao neurocientífico español Santiago Ramón y Cajal.

Exposicións, conferencias, cafés científicos, teatro e obradoiros percorreren 9 vilas galegas durante os meses de novembro e decembro para achegar á sociedade galega dende un percorrido polo cerebro até experiencias sobre percepcións sensoriais, a través de actividades interactivas e lúdicas. Deste xeito, o programa da Semana da Ciencia deste ano chegará a núcleos de poboación de mediano tamaño, lonxe das sés onde se xenera o coñecemento científico.

Mabel Fraga, directora do Museo Luis Iglesias, subliñou a importancia de asumir un proxecto de tal magnitude que aspira a achegar unha disciplina como a neurociencia ao conxunto da sociedade galega, especialmente aos máis novos para atraelos cara a carreira investigadora. Na definición de “O mundo na túa cabeza” participaron científicos especialistas en neurociencia como Xurxo Mariño e Casto Rivadulla, do grupo de investigación Neurocom da Universidade da Coruña, expertos en didáctica da ciencia como Rafael Sixto e científicos con experiencia no eido da divulgación da ciencia como Mónica González, do CSIC.

**SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA
DA XUNTA DE GALICIA**